



Fundación Amigos de Galicia

1987-2014

MEMORIA ANUAL 2013



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo





INDICE

1.	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	5
1.1.	ORGANIGRAMA DA ENTIDADE	7
1.2.	INSTALACIÓNS DA ENTIDADE.....	8
1.1.	EVOLUCIÓN DOS BENEFICIARIOS.....	9
2.	PROXECTOS DESENVOLTOS E COLECTIVOS ATENDIDOS POLA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	11
2.1.	COLECTIVOS ATENDIDOS	11
2.2.	PROXECTOS DESENVOLTOS	11
I.	“PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS ÁS PERSOAS CARENTES DE RECURSOS ECONÓMICOS DE GALICIA”	11
II.	PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL E FORMACIÓN.....	14
III.	PROXECTO PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL DO COLECTIVO INMIGRANTE..	16
IV.	PROXECTO DE AXUDA ÁS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO DE GALICIA	17
3.	SERVIZOS PRESTADOS E RECURSOS INVERTIDOS	20
3.1.	CONVENIO DE COLABORACIÓN E SUBVENCIONSDE ENTIDADES PÚBLICAS.....	20
3.1.1.	Concellos con Convenio de Colaboración	21
3.1.2.	Concellos con subvención concedida á Fundación Amigos de Galicia.....	37
3.1.3.	Outras Administracións Públicas con Subvencións concedidas á Fundación Amigos de Galicia	39
3.2.	CONCELLOS SEN CONVENIO DE COLABORACIÓN ATENDIDOS POLA ENTIDADE	40
3.3.	OUTRAS ENTIDADES ATENDIDAS.....	42
3.4.	ACTUACIÓNS EN VIVENDAS	42
3.5.	OUTROS SERVIZOS PRESTADOS POLA FUNDACIÓN	44
4.	OUTROS PROXECTOS DESENVOLADOS POLA ENTIDADE	46
4.1.	PROXECTO DE PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA.....	46
4.2.	PROXECTO “RECOLLIDA DE TAPÓNS”	46
4.3.	COOPERACIÓN INTERNACIONAL	47
5.	ANEXO	49
5.1.	BALANCE ANUAL.....	49

A **Fundación Amigos de Galicia** é unha entidade que dende a **súa** orixe está comprometida coas persoas máis necesitadas de Galicia. A Fundación é considerada un dos baluartes da Infancia en Galicia, sendo a **Loita** Contra a Pobreza Infantil un dos nosos principais obxetivos.

Mantendo esta labor dende 1987, a entidade **atendeu no ano 2013 a 28.529 persoas, das cales 15.592 foron nenos e mozos**. O noso cometido é cubrir as **súas** necesidades básicas, **ademais** de procurar a integración social e **laboral dos mesmos**, co fiel propósito de evitar a súa exclusión social.

Sen a colaboración de moitas entidades e empresas todo este traballo sería imposible, polo tanto é preciso mencionar e agradecer á **Xunta de Galicia**, ós **Fondos Europeos de Loita contra a Pobreza**, ó **Goberno de España**, ás **Deputacións**, ós **Concellos**, coa asistencia dos **Servizos Sociais**, ás **Empresas Privadas** e por último, sen **esquecernos** dos **Patronos/as** que formamos a Fundación, as sobranceiras contribucións que realizan durante todo o ano.

É a nosa labor **destacar e difundir** publicamente a **solidariedade da sociedade**, que dende empresas privadas, administración públicas, asociacións e centros escolares cooperan con nós e comparten os nosos obxetivos.

Dende a **Fundación Amigos de Galicia**, agradecer sen descanso, en nome propio e en nome de todas as persoas que se benefician das axudas; e **prometer** que **seguiremos traballando para acadar unha sociedade máis xusta, culta e solidaria**.

PADROADO RECTOR

1. FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

A Fundación Amigos de Galicia é unha entidade sen fins lucrativos, como se mostra nos seus Estatutos, rexistrada coma Entidade Prestadora de Servizos Sociais nº E-2199. Consta tamén no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación como organización Non Governamental para o Desenvolvemento nº 200, no Rexistro de Entidades de Interese Galego co nº 28 (art. 2 dos Estatutos), acollida á Lei de Mecenado e no Rexistro de entidades culturais co nº 36.

Fundación Amigos de Galicia xurde no ano 1987 como unha entidade comprometida con Galicia e, dunha maneira especial, cos máis necesitados da nosa sociedade. Como se pode observar no art.6 dos Estatutos, o fin principal da mesma é, garantir a axuda ós colectivos con limitacións económicas e sociais, dirixindo prioritariamente a colectivos susceptibles mediante o desenrolo do “Plan de Cobertura de Necesidades Básicas ás Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia” tales como, familias monoparentais con fillos a cargo, familias con persoas dependentes ao seu cargo, parados de longa duración con fillos ao seu cargo, inmigrantes e minorías étnicas en situacións precarias, beneficiarios de pensións mínimas con cargas familiares, emigrantes retornados, persoas con discapacidade, ademais de colectivos en situación ou risco de exclusión social.

A **Fundación Amigos de Galicia** ten por **obxecto**, como mostra no o **artigo 6 dos seus Estatutos**:

6.1. Plan de Cobertura ás persoas en situación de carencia de recursos económicos con residencia en Galicia. A Fundación Amigos de Galicia inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con data 17/01/2008, co número E-2199; da resposta ás necesidades básicas no eido da alimentación, vestimenta e calzado, material escolar, mobles, enseres do fogar, electrodomésticos... das familias en situación de carencia de recursos económicos, prioritariamente cando estas teñan menores a cargo, traballando por evitar a exclusión social das distintas unidades familiares.

Dito programa ten por finalidade:

- *Loita contra a pobreza infantil*
- *Familias monoparentais con fillos a cargo.*
- *Familias con persoas dependentes ao seu cargo.*
- *Parados de longa duración con fillos ao seu cargo*
- *Inmigrantes e minorías étnicas en situacións precarias*
- *Beneficiarios de pensións mínimas con cargas familiares*
- *Emigrantes retornados*

- *Persoas con discapacidade*
- *Demais colectivos en situación ou risco de exclusión social*

6.2. *Plan De Inclusión Sociolaboral; a través da nosa Axencia de Colocación Autorizada pola Xunta de Galicia co nº de identificación 120000013, desenvolve distintos cursos formativos que tratan de capacitar ás persoas máis vulnerables da nosa sociedade, de cara a acadar a súa inclusión no mercado de traballo a estes colectivos desfavorecidos. Parte das accións formativas desenvoltas pola Entidade. Ditas accións se dirixirán, fundamentalmente, a:*

- *Parados de longa duración*
- *Persoas inmigrantes*
- *Mulleres con escasa formación*

6.3. *Información, asesoramento e atención ás persoas vulnerables, Fundación Amigos de Galicia contará, nas súas sedes, con profesionais de distintos ámbitos, expertos en Traballo Social/ Psicoloxía/ Relacións Humanos/ Dereito... Dito persoal está a disposición das persoas que precisen información, asesoramento e/ou atención.*

6.4. *Plan de apoio ás mulleres en situación ou risco de Violencia de Xénero e os seus fillos, mediante o que se oferta unha atención integral ás mulleres en situación ou risco de violencia de xénero. A base central do programa é o apoio total ás mulleres que denunciaren e non teñan recursos, en colaboración cos Servizos Sociais da Xunta de Galicia e dos Concellos; desenvolvendo, tamén, accións encamiñadas a mellorar a estima que sobre si mesmas, teñen as usuarias do programa.*

A Fundación tamén reservase o dereito de persoarse como acusación particular nas causas xudiciais abertas, onde exista perda dun membro parente directo por esta situación e existan menores desprotexidos.

Este programa se dirixe ós colectivos expostos a continuación:

- *Mulleres en situación de violencia de xénero, tanto física coma verbal.*
- *Mulleres que foron vítimas de violencia de xénero.*
- *Mulleres vulnerables á violencia de xénero.*
- *Nenos vítimas desa problemática que necesiten asistencia xudicial.*

6.5. *Cooperación Internacional: A Fundación figura no Rexistro Galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento ONGD nº 200. No eido da cooperación internacional se traballa en base a uns valores, presentes en todas as actuacións levadas a cabo pola entidade e descritos a continuación;*

- *Loita contra a pobreza.*
- *Equidade de xénero.*
- *Defensa da sensibilidade ambiental .*
- *Respecto polos Dereitos Humanos.*
- *Defensa da interculturalidade.*

6.7. *Promocionar a identidade galega a través da Fundación Amigos de Galicia que figura no Rexistro de Fundacións de Interese Galego inscrita co nº 28 e*

ten como obxectivo promocionar a lingua, as artes, a cultura e as tradicións galegas e potenciar a obra dos autores noveis, que serán os futuros artistas e autores de Galicia.


6.8. Potenciar o turismo de Galicia e a súa gastronomía.

6.9. Potenciar o voluntariado social.

6.10. Patrocinar premios que estimulen todos estes fins.

O desenvolvemento do obxecto fundacional será realizado directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

1.1. Organigrama da Entidade



O persoal a disposición da Fundación Amigos de Galicia no ano 2013 foi o seguinte:

Corpo técnico:

- Director Xeral – pagado pola Fundación.
- 2 Traballadoras Sociais - 1 subvencionadas polo Proxecto Proserde VII, e 1 pagado pola Fundación (FEUGA).
- 1 Técnico de Orientación Laboral - pagado pola Fundación (FEUGA).

- 1 Oficial Administrativa – subvencionadas polo Proxecto Proserde VII.
- 1 Auxiliar Administrativa –subvencionadas polo Proxecto Proserde VII.
- 1 Técnico de Comunicación– pagado pola Fundación (FEUGA).
- 1 Oficial de lavandería –subvencionado polo Proxecto Proserde VII.
- 1 Traballador encargados do almacén –subvencionados polo Proxecto Proserde VII.
- 2 traballadores encargado do reparto –1 subvencionado polo Proxecto Proserde VII, e 1 pagado pola Fundación.
- 1 Coordinador de Área – pagado pola Fundación.
- 1 Asesoría Xurídica [Bufete Manuel Martín Gómez]– pagado pola Fundación.
- 1 Asesor Psicolóxico [Gabinete Xoán Carlos Porto]– pagado pola Fundación.

Ademais, 426 voluntarios, distribuídos por todas as cidades e comarcas galegas, colaboraron coa Entidade. Tamén, persoas en cumprimento de traballos en beneficio da comunidade, derivados dende os Servizos Sociais Penitenciarios, que realizaron tarefas en colaboración cos traballadores e voluntarios da entidade baseadas, principalmente, na recepción de alimentos, a elaboración de paquetes alimenticios, e a clasificación de roupa, actividades que son sempre supervisadas polas persoas encargadas da coordinación dos almacéns.

1.2. Instalacións da Entidade

A Entidade conta con diversos centros de traballo e medios de transporte para poder desempeñar diariamente a súa labor.

❖ ***Naves:***

- Rúa Fontecarmoa nº 63 – baixo (almacén de roupa e lavandería)
- Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa (almacén de alimentos)
- Peirao de Enlace no Porto de Vilagarcía de Arousa (almacén de alimentos)

❖ ***Oficinas:***

- Avda. López Ballesteros, 9 – Vilagarcía de Arousa

- Avda. de Lugo nº 123 - Santiago de Compostela

❖ **Centros de Distribución**


- 1 en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), en Avda. López Ballesteros, nº 9, e dispón de 1.640m² e inclúe unha cámara frigorífica.
- 1 nave en Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), de 480m², onde se atopa a lavandería.
- 1 en Rábade (Lugo): almacén
- 1 en San Cibrao das Viñas (Ourense): almacén
- 1 en Santiago de Compostela (A Coruña): almacén.

❖ **Medios de transporte:**

- 1 camión de 12 toneladas.
- 4 furgonetas:
 - 1 mercada pola propia Fundación.
 - 1 doada pola propia Fundación de La Voz de Galicia “Santiago Rey-Fernández La Torre”.
 - 2 mercada pola propia Fundación.

1.1. Evolución dos beneficiarios

Na última actualización de datos de decembro de 2013, a Fundación Amigos de Galicia conta con **28.529 usuarios** do programa de axuda ás persoas sen recursos, dos **que 15.592 foron menores**. Este incremento con respecto o ano 2012, no que foron atendidas 25.936 persoas das cales 14.175 foron menores, é froito da crise económica que estamos a vivir, na que varía tanto o número de persoas atendidas, como o perfil das mesmas. O incremento notable de familias con rapaces a cargo que, en situación de desemprego, teñen que asumir pagos de aluguer/hipoteca, créditos, facturas, manutención e vestimenta, non contando con recursos económicos suficientes para dar cobertura ás súas necesidades, solicitando así axuda da entidade no apoio das súas necesidades básicas da vida cotiá.



Para poder prestar todo os servizos, e poder dar cobertura as necesidades do maior número de persoas, dado o constante crecemento das demandas recibidas.

2. PROXECTOS DESENVOLTOS E COLECTIVOS ATENDIDOS POLA FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

2.1. COLECTIVOS ATENDIDOS

Durante todo o 2013, a Fundación atendeu a diversos colectivos, principalmente colectivos que polas características persoais, familiares ou económicas, están nunha situación de desvantaxe na sociedade ou no eslavón mais baixo da mesma. Estes colectivos son principalmente, **mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, parados de longa duración, persoas en risco de exclusión social, inmigrantes, e menores.**

2.2. PROXECTOS DESENVOLTOS

I. “PLAN DE COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS ÁS PERSOAS CARENTES DE RECURSOS ECONÓMICOS DE GALICIA”

A estrutura do **Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos de Galicia**, xurde da necesidade de garantir o estado de benestar, relacionado coa protección social dos colectivos especialmente vulnerables. Para elo, facilítanse medios que permiten dar **cobertura as súas necesidades básicas da vida cotiá**, e os das persoas ó seu cargo. O obxectivo principal do plan é *a Cobertura de Necesidades Básicas das familias* atendidas.

❖ Perfil dos beneficiarios

Os beneficiarios deste “**Plan de Cobertura de Necesidades Básicas das Persoas Carentes de Recursos Económicos**”, apoiado pola **Consellería de Traballo e Benestar**, dende a Dirección Xeral de Familia e Inclusión, son os colectivos máis necesitados da nosa Comunidade. Enténdese por colectivos necesitados, as persoas físicas, individuais e familias, agrupacións de persoas coas mesmas problemáticas, cuxa situación de dependencia social e financeira están constatadas. Dando **prioridade** a aquelas persoas ou **grupos** familiares especialmente **vulnerables** pola súa dificultade para afrontar por si mesmos a

situación de precariedade na que se atopan, coma son: **unidades familiares con nenos e/ou anciáns ao seu cargo, familias monoparentais, persoas con discapacidade física/psíquica ou sensorial, persoas incapacitadas para o traballo, con drogodependencias ou afectados polo VIH/SIDA, menores en situación de desamparo, mulleres vítimas de violencia de xénero, minorías étnicas, inmigrantes, refuxiados, asilados, ex-reclusos, persoas sen fogar e persoas maiores receptoras de pensións mínimas.** Na actualidade, este perfil, dada a situación económica que estamos a vivir, esténdese ata os parados de longa duración con fillos a cargo.

Para a Entidade a **POBREZA INFANTIL** é de vital importancia, centrando parte dos seus esforzos nas familias con menores a cargo, sendo no 2013, **15.592 menores atendidos.** Isto supón que técnicos da Entidade promovan o desenvolvemento de proxectos que incentiven o **desenvolvemento formativo-académico** dos menores. Este ano, a Entidade púxose a disposición de centros escolares e institutos para atender aquelas unidades familiares, que os técnicos da escola detectasen que puideran estar en situación de precisar axuda no ámbito alimenticio. Esta iniciativa é debido a que se ten constancia de que moitas familias non poden asumir o pago dos comedores escolares, no que en moitos casos o pago é asumido polos concellos. É polo tanto, necesario garantir que estes menores dispoñan de todo o que precisan para un almorzo variado e saudable. A axuda aportada a cada familia vai dende os **alimentos, a vestimenta e calzado, os produtos hixiénicos, o material escolar e xoguetes no Nadal, ata mobles e enseres do fogar.** O fins é que estes menores medren nun entorno o mais comfortable posible, cubrindo as súas carencias, e tratando de que as súas necesidades non se vexan minguadas.

Enténdese por **FAMILIA MONOPARENTAL** a composta por un só proxenitor e un ou varios fillos. Principalmente, consiste nunha nai con un ou varios fillos ó seu cargo. Este colectivo supón o **66%** das familias atendidas mediante este Plan.

Os principais problemas cos que atopa este colectivo é a carencia de recursos económicos, pola dificultade que o proxenitor ten no mercado de traballo, atopándose coa **dificultade de conciliar a vida familiar e laboral.** Isto dificulta polo tanto a procura de emprego, optando por un contrato a media

xornada ou por horas, en moitos casos. Case o **67%** atopase **desempregado**, polo que a **RAI ou RISGA** e a cobertura que aporta a Entidade, son a única axuda que reciben.

As **PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL** considéranse a persoa que reúna algún requisitos, como por exemplo, estar nunha situación de **cargas familiares non compartidas**, estar en **proceso de rehabilitación social**, ter a condición de **muller vítima de violencia de xénero**, ter unha **discapacidade valorada superior a 33%**, ser **inmigrante** ou emigrante retornado, proceder de institucións de protección ou reeducación de menores, proceder do cumprimento dunha pena nunha institución penitenciaria, ser unha persoa sen fogar ou habitar unha infravivenda, pertencer a unha minoría étnica, cando tal condición agrava as dificultades de integración sociolaboral, estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución, ou ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

Para poder **optar ás axudas que proporciona a Fundación Amigos de Galicia** deben cumprir uns **requisitos**, como son, **carecer de ingresos suficientes** para garantir a cobertura das necesidades básicas, estar **empadroadas** e ter **residencia** fixada nun **concello de Galicia** e que os **menores** estean **debidamente escolarizados**, ademais de facilitar todos os datos requiridos de cara a completar a ficha de inscrición.

❖ **Modo de actuación**

As persoas ou familias demandantes, para optar a dita axuda, han de acudir os Servizos Sociais do concello no que residen. Os técnicos de este servizo informa a Fundación Amigos de Galicia sobre a situación de necesidade, facilitando o seus teléfonos e forma de contacto para a súa atención. A Entidade, dentro do Plan de Cobertura entrega **alimentos, vestimenta e calzado, produtos hixiénicos, mobles e enseres do fogar**, e incluso, axudas económicas destinadas ó pago das **débedas de luz**, así como, **material escolar e xoguetes no Nadal**. Dependendo do número da unidade familiar e idade dos integrantes, entregarase uns determinados alimentos de primeira necesidade, de forma mensual.

II. PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL E FORMACIÓN

A través do **Servizo de Orientación Laboral da Entidade**, que ten como obxectivo facilitarlle a súa **inserción no mercado laboral**, a Entidade actúa como nexo de unión entre os demandantes e as empresas, tratando de acadar convenios de colaboración con elas, para o fin último de realizar un contrato de traballo. Coa creación da **Axencia de Colocación** e a través do Plan de Emprego e Formación, a Entidade ten como obxectivos a inserción sociolaboral. Para tal fin a Fundación Amigos de Galicia dispón dunha **bolsa de emprego**, a cal permite coñecer os perfís persoais, educativo e profesional de cada demandante, e facilitar así a tarefa de atopar traballo.

❖ Perfil dos beneficiarios

Os **parados de longa duración**, persoa inscrita como demandante de emprego, de forma ininterrompida, durante un período superior a un 12 meses, supoñen o **72% dos usuarios atendidos**. Este colectivo ten características comúns que **dificultan a súa inserción laboral**. Un destes nexos comúns é a **idade**, no caso dos mozos/as ven parello coa **falta de experiencia**, e nos maiores de 45 anos, é a propia idade a desvantaxe, xa que a súa experiencia é mais que suficiente. Outra dificultade, as veces, é o nivel de estudos, a discapacidade, ou pertencer a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, así como a outros colectivos como minorías étnicas, toxicómanos, etc.

❖ Modo de actuación

A través do **Servizo de Orientación Laboral**, faise factible a **Inserción sociolaboral**, a través dos **convenios de colaboración** con diferentes **empresas**, coa finalidade última de introducir ós demandantes de emprego no mercado laboral. Deste xeito, o "**Plan de Inserción Laboral**" fíxose posible en empresas concretas, como a campaña da vendima, contando coa colaboración da adegas da Comarca do Salnés, e xerando polo tanto contratacións nos concellos de Cambados, Vilagarcía de Arousa e Meis.

Ademais dende a Fundación, para unha mellor inserción laboral levouse a cabo o **Servizo de Formación**, con o curso de "**Curso de Orientación Laboral**" en

concellos da Provincia de Pontevedra, coma Vilagarcía de Arousa e Cambados, impartido pola Técnica de Emprego da Entidade, Begoña Núñez. Durante o curso fíxose fincapé no asesoramento e xestión do Currículo Vitae, do uso e tipos das Cartas de Presentación, asemade de información básica de cómo enfrontarse a unha entrevista de traballo, así como información actualizada do mercado laboral. Toda información teórica, foi acompañada con clases prácticas en aulas de informáticas, introducindo así o uso da internet para busca de emprego. Esta iniciativa estivo acompañada da atención persoal durante todo o ano ós demandantes de emprego, e apoiada pola **Deputación de Pontevedra**. Outro curso foi o de ***“Iniciación a Ofimática e Iniciación a Busca de Emprego pola Internet”***, impartido por Sergio Carballa no concello de Padrón, para usuarios do propio concello mais para usuarios de Dodro, sumando un total de 10 persoas, cun aproveitamento de 20 horas, nas cales se aprendeu a usar o ordenador, elaborar un Currículo Vitae e unha carta de presentación, así como tamén, iniciarse na navegación pola internet para a busca de emprego. Así mesmo, tamén se levaron a cabo Accións de Formación a Desempregados, a través de ***“Obradoiros para Habilidades de Integración Sociolaboral”***, impartido por M^a José Carballa, en Pontevedra con un aproveitamento de 148 horas e destinado para 15 persoas. Todas actividades foron apoiadas pola **Consellería de Traballo e Benestar**, dende a **Dirección Xeral de Emprego e Formación**.

A toda esta formación e información, engádeselle a publicación do Boletín de Ofertas de Emprego quinquenal ou semanal, en soporte tanto físico como dixital, no que se recompilan ofertas de traballo, así como a ofertas formativa, e subvencións, trasladándoas directamente as persoas usuarias como demandantes que o soliciten.

III. PROXECTO PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL DO COLECTIVO INMIGRANTE

❖ Perfil dos beneficiarios

Os **inmigrantes** os cales prestamos servizo, un total no 2013 de **4.457**, teñen como nexo común a **dificultade da inserción na sociedade**. Estas trabas veñen dadas por diferentes motivos como, a dificultade co idioma, titulacións universitarias sen homologar, ou retrasos administrativos para obter permisos de residencia e traballo que lles permitan traballar. Isto ten como consecuencia, verse obrigados a traballar en profesións non cualificadas.

❖ Modo de actuación

Os servizos prestados a este colectivo están formados dende, a **atención personalizada, información e orientación laboral**. As accións dividíronse en tres actividades, unha consistiu en **Accións Enfocadas á Información Alfabetización**, e a outra, en **Accións Formativas**. Na primeira acción, na parte de Alfabetización, levando a cabo o curso de ***“Iniciación ó Galego para Inmigrantes”*** cunha duración de 200 horas, o cal se realizou no Concello de Pontevedra e dirixido a 15 persoas, impartido por Marta Otero, Traballadora Social da Entidade. En paralelo, na Acción Formativa desenroláronse **Cursos de Formación Laboral**, como ***“Coidador acompañante de autobús escolar”***, cunha duración de 400 horas, dirixido a 15 persoas e impartido no Concello de Cambados por Milagros Hermida; o curso de ***“Monitor Sociocultural”*** de 200 horas en A Baña, para 15 persoas pertencentes ao concello de A Baña, Negreira e Santa Comba, impartido por Adrián Toba, e o de ***“Auxiliar de Atención a terceira idade”*** en Riveira, cunha duración de 150 horas, e tamén para 15 persoas, impartido por Leticia Verde. Ditas actividades foron apoiadas pola **Consellería de Traballo e Benestar**, dende a **Dirección Xeral de Familia e Inclusión**.

IV. PROXECTO DE AXUDA ÁS MULLERES QUE SOFREN OU SUFRIRON VIOLENCIA DE XÉNERO DE GALICIA

❖ Perfil dos beneficiarios

A Fundación Amigos de Galicia desenvolveu, dende xaneiro a decembro do 2013, en continuidade co “**Plan de Axuda ás mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero en Galicia ou están en risco de sufrir violencia de xénero 2012**”, o Programa de recursos integrais para mulleres vítimas de violencia de xénero ou mulleres en risco de sufrir violencia de xénero mediante o cal se puxeron a disposición das mulleres os recursos xurídicos, psicolóxicos ou sociais que precisan, contando cunha traballadora social, unha psicóloga e unha orientadora laboral para o desenvolvemento do proxecto, así como tamén con persoal encargado de levar a cabo o asesoramento xurídico das usuarias.

PLAN DE APOIO ÁS MULLERES EN SITUACIÓN OU RISCO DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2013

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA
PRESTA “AXUDA INMEDIATA” ÁS MULLERES VINCULADAS;

COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS
ATENCIÓN PSICOLÓXICA
ASESORAMENTO XURÍDICO
ASESORAMENTO LABORAL



**FRONTE Ó MALTRATO
DAMOS A CARA**

Fundación Amigos de Galicia

Fundación Amigos de Galicia

016 ATENCIÓN A VÍTIMAS DE
MALOS TRATOS POR VIOLENCIA DE XÉNERO
www.fundacionamigosdegalicia.org

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
“O FSE contribúe ao teu futuro”
981576034

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade
informacion@fundacionamigosedgalicia.org

Así, mediante este **“Programa de recursos integrais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero ou mulleres en risco de sufrir violencia de xénero”** se atenderon a **387 mulleres que sufriron, estaban a sufrir ou poderían estar en risco de sufrir violencia de xénero e que**, na súa maioría, contan con cargas familiares que asumir. Asemade, aportamos axuda inmediata e apoio total no momento da denuncia ó maltrato.

❖ **Modo de actuación**

A Fundación Amigos de Galicia puxo a disposición deste proxecto un **equipo humano** encargado de **asesorar e orientar ás usuarias**, tanto a nivel **psicológico e/ou emocional**, como a nivel recursos das distintas administracións públicas e entidades privadas, ofertando tamén diversos cursos formativos que fomentaron as súas capacidades. Este equipo humano estivo composto por unha **traballadora social, unha psicóloga e unha orientadora laboral** así como persoal xurídico encargado de asesorar e solucionar os diferentes trámites xurídicos.

Mediante este proxecto pretendeuse desenvolver tódalas accións precisas en cada caso concreto, favorecendo a autonomía e independencia da muller e evitando calquera forma de maltrato. Así, este proxecto se dirixiu;

Ofertouse **asesoramento psicológico** a **357 mulleres** sofren ou sufriron violencia de xénero; apoio e **asesoramento psicológico** a **122 mulleres potencialmente vulnerables** realizando un exercicio de prevención que fomente a súa estima, **dirixido á prevención; asesoramento xurídico** a **58 mulleres** que sofren ou sufriron violencia de xénero nos respectivos trámites relativos á violencia; **asesoramento e orientación laboral** a **49 mulleres** vinculadas ó mundo da violencia de xénero, acentuando as súas capacidades e xestionando cursos de formación que permitan desenvolver aptitudes de cara á incorporación no mercado de traballo e que permitan, por tanto, a súa independencia económica e financeira; proporcionouse información a **369 mulleres** sobre recursos e/ou prestacións dos que puideran ser beneficiarios; satisfacérense as necesidades básicas de **446 mulleres potencialmente vulnerables** no referido á alimentación nas familias formadas por mulleres vítimas de violencia de xénero, cando se atopaban en situación de carencia de recursos económicos.



Do desenvolvemento de dito **Plan de Axuda ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero de Galicia, no ano 2.012, para o cal se recibiu unha subvención da Secretaría Xeral de Igualdade.**

3. SERVICIOS PRESTADOS E RECURSOS INVERTIDOS

A Fundación Amigos de Galicia durante o ano 2013, desenrolou o **“Plan De Cobertura De Necesidades Básicas Ás Persoas Carentes De Recursos Económicos De Galicia”**, sendo o principal obxectivo garantir a cobertura das necesidades básicas de subsistencia das persoas sen recursos de Galicia. Baixo este Plan, atópase inmerso o **“Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”**, levado a cabo nos concellos cos que contamos con Convenio de Colaboración, coma os que non. Dentro destas coberturas atendeuse as necesidades básicas de alimentos, coma de vestimenta, enseres do fogar, material escolar e roupa, e así como tamén agasallos de Nadal, en toda a xeografía galega. A continuación mostrarase de forma detallada as achegas a cada concello, diferenciando aqueles que cos que se mantén convenio de colaboración e cos que non.

3.1. Convenio de Colaboración e Subvencións de Entidades Públicas

Os **concellos** cos cales a Entidade mantivo **Convenio de Colaboración** durante o 2013, supón unha subvención por parte dos mesmos, para contribuír ó **“Plan de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social”**, coa intención de arroupar partes das achegas entregadas os usuarios da Fundación.

A continuación detallarase en cada concello as achegas realizadas, diferenciando entre alimentos, e outros produtos, nos cales se inclúen dende, roupa, material escolar, produtos hixiénicos, ata mobles para o fogar; tamén se mostrar o gasto que supuxo ditas entregas, tendo en conta polo tanto no gasto de distribución, o transporte e empaquetado (caixas), así como tamén os gastos de administración e persoal. O resultado obtido de dita suma, será o total das apartacións o longo do ano, indicando a parte que asume cada concello, e a parte da Fundación Amigos de Galicia, **Xunta de Galicia**, os **Fondos Europeos de Loita contra a Pobreza**, o **Ministerio de Agricultura**, ademais de **empresas galegas**, como particulares.


3.1.1. Concellos con Convenio de Colaboración

PROVINCIA DE A CORUÑA



Concello de A Baña

Familias atendidas	27
Beneficiarios atendidos anualmente	88
Nº de axudas anualmente	183




<i>ACHEGAS RECIBIDAS</i>	Valoración económica
<i>Alimentos</i>	11.972,89 €
<i>Outros produtos (pago de hipoteca, material escolar, roupa, enseres do fogar, produtos hixiénicos, etc)</i>	2.457,91€
<i>Gastos de distribución e transporte</i>	3.654,46 €
<i>Gastos de Xestión e persoal</i>	2.909,85 €
Total	20.995,11€



Concello de Boqueixón

Familias atendidas	17
Beneficiarios atendidos anualmente	47
Nº de axudas anualmente	135



<i>ACHEGAS RECIBIDAS</i>	Valoración económica
<i>Alimentos</i>	14.517,33 €
<i>Outros produtos</i>	119,86 €
<i>Gastos de distribución e transporte</i>	3.288,09 €
<i>Gastos de Xestión e persoal</i>	2.423,15 €
Total	20.348,43 €



Concello de Cerceda

Familias atendidas	23
Beneficiarios atendidos anualmente	81
Nº de axudas anualmente	112




ACHEGAS RECIBIDAS	Valoración económica
Alimentos	12.224,17 €
Outros produtos	389,29 €
Gastos de distribución e transporte	3.996,70 €
Gastos de Xestión e persoal	2.145,00 €
Total	18.755,16€



Concello de Dodro

Familias atendidas	17
Beneficiarios atendidos anualmente	55
Nº de axudas anualmente	114



ACHEGAS RECIBIDAS	Valoración económica
Alimentos	10.854,19 €
Outros produtos	803,17 €
Gastos de distribución e transporte	3.604,46 €
Gastos de Xestión e persoal	2.235,00 €
Total	16.736,82€



Concello de Laracha

Familias atendidas	27
Beneficiarios atendidos anualmente	116
Nº de axudas anualmente	220




